

COMUNICACIÓN PREVIA PARA FOGUEIRAS DE SAN XOAN /SAN PEDRO

DATOS DO SOLICITANTE: NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL			NIF/CIF ou equivalente
REPRESENTANTE NOME E APELIDOS			NIF ou equivalente
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
LOCALIDADE	PROVINCIA	PAIS	COD. POSTAL
TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRONICO	

2	TIPO DE ACTUACIÓN
☐ Fogueira de San Xoán(noite do 23-24) ☐ Fogueira de San Pedro(noite do 28-29)	
TAMAÑO: ☐ Pequena fogueira para cociñar ☐ Fogueira tradicional (marcar dimensións) ☐ Menor de 2 metros de diámetro ☐ Entre 2 e 3 metros de diámetro ☐ Maior de 3 metros de diámetro	
Observacións:	

3	DATOS DA FOGUEIRA	
SITUACIÓN (DESCRIPCIÓN DA SITUACIÓN DA FOGUEIRA DENTRO DA PARCELA)		
PARROQUIA	LUGAR	NÚMERO
RESPONSABLE DA FOGUERIA, NOME E APELIDOS		
TELÉFONO	ENDEREZO ELECTRONICO	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE		
NÚMERO DE PARTICIPANTES ESTIMADO		HORARIO

COMUNICACIÓN PREVIA PARA FOGUEIRAS DE SAN XOAN /SAN PEDRO

4. COMUNICACIÓN PREVIA:

O/A ABAIXO ASINANTE **DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**, QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NO PRESENTE DOCUMENTO, QUE POSUE A DOCUMENTACIÓN QUE ASÍ O ACREDITA, **E COMUNICA:**

Que coñece e cumprirá todas as medidas de seguridade que estipula o Concello de Sanxenxo e a continuación se detallan:

1. Deberase cumprir cas normas establecidas polas autoridades sanitarias respecto a restrición pola pandemia que estamos vivindo, tendo en conta que de así estipulalo un organismo superior esta comunicación carecerá de validez. **EN NINGÚN CASO SE PODEN REALIZAR EN VÍAS E LUGARES PÚBLICOS.**
Así mesmo se dará cumprimento ás limitacións de aforo de reunións que poidan establecerse na normativa e recomendacións de seguridade e distanciamento social disposta polas **autoridades** como consecuencia da crise sanitaria da Covid-19.
2. A policía local, o servizo de emerxencias ou calquera autoridade poderán suspender calquera fogueira no caso de detectar calquera tipo de risco.
3. Quen se identifica na comunicación da fogueira, será o máximo responsable da fogueira, asegurando o cumprimento de tódalas normas indicadas e non abandonando a vixianza da fogueira ata que o lume e as brasas se atopen totalmente apagadas.
4. O responsable, deberá responder ante calquera dano ou sinistro provocado pola realización da fogueira.
5. A Presente Comunicación Previa realízase consonte ó disposto no apartado 4, do artigo 69.bis da Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.
6. Non amontoar materiais para queimar na fogueira a mais de tres metros de altura.
7. Ditos materiais combustibles serán sólidos, prohibíndose calquera tipo de materiais explosivos, pirotécnicos ou líquidos inflamables, materiais que poidan producir grandes columnas de fume (pneumáticos, aceites, téxtiles, etc.) ou gases especialmente tóxicos ou corrosivos(plásticos en xeral, PVC, aparatos eléctricos, etc.). Tampouco se botará ningún tipo de residuo tipo mobles vellos, etc.
8. Deberán de manter unha distancia de seguridade suficiente para que non se propague o lume nin afecte o calor radiante a materiais de plástico, cristaleiras, edificios, vexetais, tubarías de gas, cables eléctricos, vehículos ou outros elementos que poidan arder ou ser afectado polo calor radiante ou fume.
9. Dependendo da magnitude do lume, deberán de dispor dun medio de extinción suficiente tal como area, terra, manguera, etc.; debendo quedar a fogueira totalmente apagada cando se abandone o lugar da queima.
10. En caso de producirse unha emerxencia relacionada coa fogueira, deberá chamar a:
 - Servizo de emerxencias da Xunta de Galicia: 112
 - Servizo de emerxencias do Concello de Sanxenxo: 986727070
 - Policía Local de Sanxenxo: 986727072
11. Realizarase unha limpeza e roce dunha franxa dun mínimo de 5 metros o redor do perímetro da fogueira.
12. Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento, suspendendo inmediatamente a operación procedendo a apagar o lume.
13. A comunicación da fogueira non eximira en ningún caso das responsabilidades por danos ou perda a que houbera lugar no caso de producirse un incendio forestal polo uso do lume cando por imprudencia ou negligencia.

En Sanxenxo, a de xuño de 2021

Asinado: